



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FERROL

##### Concellería de Benestar Social

*Con data 29.7.2021, o Pleno do Exmo. Concello de Ferrol aprobou as seguintes bases: bases do "Premio Solidario Cidade de Ferrol" 2021*

#### **BASES DO "PREMIO SOLIDARIO CIDADE DE FERROL" 2021**

##### **ARTIGO 1.-Obxecto e contía do premio.**

O Premio Solidario Cidade de Ferrol ten como obxecto principal premiar os esforzos de iniciativas e proxectos desenvolvidos no ámbito da solidariedade, a cooperación e o voluntariado, establecéndose dúas categorías:

- A primeira, cunha dotación económica anual de 6.000 euros, que premie a posta en marcha, ampliación ou continuación de proxectos solidarios e no eido do voluntariado que se desenvolvan nun contexto local, é dicir, no ámbito do Concello de Ferrol.
- A segunda, cunha dotación económica anual de 4.000 euros, que premie a posta en marcha, ampliación ou continuación de proxectos solidarios no eido da cooperación internacional e dentro do ámbito da protección dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) das persoas e colectivos máis vulnerables.

Estas dotacións económicas, imputaranse á aplicación orzamentaria 04001-2315-48000 e quedarán suxeitas á lexislación fiscal vixente polo que sobre as mesmas realizaranse as correspondentes retencións fiscais legalmente establecidas.

Ademais da dotación económica, entregarase un distintivo solidario e o patrocinio e divulgación do proxecto.

##### **ARTIGO 2.-Persoas /entidades candidatas.**

Serán consideradas como candidatas obxecto deste premio:

1. Entidades sociais, consideradas como tal as asociacións, ONG, fundacións... que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas e rexistradas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadáns do Concello de Ferrol.
- Non ter carácter lucrativo.
- Estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Non estar incursas en causas de prohibición, incapacidade ou incompatibilidade establecidas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, dO 17 de novembro, xeral de subvencións.
- O proxecto axustarase aos obxectivos da Área de Solidariedade, Cooperación e Voluntariado.

2. Persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser maior de 18 anos e estar empadroadado no Concello de Ferrol
- Estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Non estar incursas en causas de prohibición, incapacidade ou incompatibilidade establecidas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, dO 17 de novembro, xeral de subvencións.
- O proxecto axustarase aos obxectivos da Área de Solidariedade, Cooperación e Voluntariado.

Cada entidade ou persoa física poderá presentar ata un total de dous proxectos, para a mesma ou distinta categoría, e valoraranse de xeito individual e independente cada un deles.

##### **ARTIGO 3.-Presentación das candidaturas e documentación.**

Abrirase un prazo de presentación de candidaturas de QUINCE días hábiles, a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

Tamén se realizarán anuncios en medios de comunicación local e na web municipal, co fin de darlle maior difusión.

As propostas serán presentadas no Rexistro Xeral Municipal (Casa do Concello praza de Armas, s/n), ou a través dos procedementos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A documentación a presentar con cada proposta será a seguinte:

**A.-No caso das entidades:**

- 1.-Solicitude (documento anexo), cos datos da entidade.
- 2.-Certificación do número de socios/as activos/as da entidade.
- 3.-Acreditación da delegación da Presidencia (en caso de que exista) na que se especifique o alcance da dita delegación. A dita acreditación realizarase mediante acordo da Xunta Directiva, poder notarial ou calquera medio válido de acreditación en dereito.
- 4.-Certificación acreditativa da entidade do acordo da vontade de presentarse ao premio.
- 5.-Declaración responsable (documento anexo). Os gañadores deberán achegar o certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e coa seguridade social.
- 6.-Fotocopia do CIF da entidade.
- 7.-Certificación da inscrición no rexistro municipal (entidades).
- 8.-Síntese do/s proxecto/s, cun máximo de dúas páxina por proxecto (documento anexo).
- 9.-Proxecto (cunha extensión máxima de 25 páxinas).

**B.-No caso dos particulares:**

- 1.-Solicitude (documento anexo), cos datos da persoa solicitante.
- 2.-Declaración responsable (documento anexo).
- 3.-Fotocopia do DNI da persoa solicitante (a súa inscrición no padrón municipal, comprobarase de oficio na propia administración).
- 4.-Síntese do/s proxecto/s, cun máximo de dúas páxina por proxecto.
- 5.-Proxecto (cunha extensión máxima de 25 páxinas).

A entidade gañadora do Premio Solidario da edición anterior a esta non poderá presentarse como candidata nesta convocatoria aínda que formará parte do xurado.

No momento da recepción, realizarase unha primeira revisión da documentación presentada, co obxecto de comprobar que reúnen os requisitos especificados na convocatoria. Naqueles casos en que isto non ocorra, requirirase a entidade ou persoa solicitante, que faga unha emenda dela no prazo de dez días hábiles. Transcorrido o prazo sen subsanar a documentación requirida a súa candidatura non será tida en conta.

**ARTIGO 4.-Procedemento de valoración e xurado.**

Unha vez rematado o prazo de presentación de candidaturas e emendados os posibles erros, terá lugar a constitución do xurado, que estará formado por:

- O alcalde-presidente ou persoa en quen delegue, que presidirá o xurado.
- Un/unha técnico/a municipal da Área de Benestar Social.
- Persoa representante do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- Tres persoas representantes designadas pola Concellería de Benestar Social entre as entidades non participantes e coas que o Concello de Ferrol ten asinados convenios de colaboración.
- Un membro de cada grupo político con representación municipal.
- Un membro de entidade gañadora do Premio Solidario do ano anterior.
- Funcionario/a da Concellería de Benestar que actuará como secretario/a.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de rexime xurídico do sector público.

Todos os membros do xurado terán voz e voto e participarán en igualdade na deliberación e acordo da proposta gañadora, agás o/a secretario/a.

A composición do xurado darase a coñecer con anterioridade á súa constitución na páxina web do Concello de Ferrol ([www.ferrol.es/sede](http://www.ferrol.es/sede) electrónico/taboleiro de anuncios), co obxecto de que se poidan interpoñer os recursos legais pertinentes.

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesaria a existencia alo menos da metade dos seus membros, máis o/a presidente/a e o/a secretario/a. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

O ditame do xurado será inapelable, tendo ademais as facultades de interpretar as bases e determinar as normas do seu funcionamento, así como de declaralo deserto, de ser o caso.

O xurado resérvase o dereito de que o premio quede deserto no caso de que considere que os proxectos presentados non teñen a calidade mínima esixible. Tamén ser concedido con carácter ex aequo; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas e/ou entidades que resultaren premiadas.

#### **ARTIGO 5.-Criterios de valoración.**

Serán criterios de valoración, cun máximo de 10 puntos cada un, os seguintes:

- Interese xeral e específico do proxecto.
- Formulación formal do proxecto: seguimento, control e avaliación final.
- Carácter innovador do proxecto.
- Favorecer a participación directa das persoas ou entidades beneficiarias no proxecto facendo a poboación protagonista da acción promovida.
- Impulsar dinámicas que favorezan o auto-desenvolvemento.
- Promover a igualdade de xénero.
- Respectar o medio ambiente.
- Relevancia do proxecto para colectivos con dificultades específicas.

A proposta do xurado, que deberá ser motivada, será elevada ao órgano competente que será, por delegación da Alcaldía, a concelleira delegada de Benestar Social e Patrimonio Histórico, para conceder o premio, e posteriormente proceder a entrega dos mesmos no lugar e data a determinar pola Concellería que convoca.

Os resultados do concurso publicaranse no taboleiro de anuncios municipal, páxina web ([www.ferrol.es/sede](http://www.ferrol.es/sede) electrónica/taboleiro de anuncios) e na BDNS,

O acto de resolución do premio esgota a vía administrativa.

#### **ARTIGO 6.-Entrega do premio.**

A entrega do premio realizarase nun acto público. Nese acto terá lugar unha breve descrición dos proxectos gañadores nas dúas modalidades.

Farase un recoñecemento público e expreso a cada unha das entidades participantes polo seu esforzo e implicación en proxectos de tipo solidario.

#### **ARTIGO 7.-Difusión e publicidade.**

En toda documentación, información, ou propaganda do/s proxecto/s premiado/s, deberase facer constar a colaboración do Concello de Ferrol xuntamente co seu logotipo.

#### **ARTIGO 8.-Protección de datos.**

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar as bases e a convocatoria e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é o Concello de Ferrol. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga ao Concello de Ferrol coa súa firma. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao Premio por imposibilidade de tramitación da solicitude. O destinatario dos datos é o Concello de Ferrol que non cederá datos a terceiros salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación do expediente. As persoas que participen na convocatoria teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse mediante comunicación dirixida ao Concello de Ferrol (Praza de Armas, s/n, 15402 Ferrol).

**ARTIGO 9.-Réxime xurídico.**

Atendendo á súa natureza xurídica, en todo o non previsto nestas bases, será de aplicación á normativa estatal e autonómica en materia de subvencións (Lei 38/2003 e RD 887/2006 e Lei 9/2007) así como a Ordenanza de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP 21/10/2019).

Ferrol, 20/07/2021.

Concelleira delegada de Benestar Social e Patrimonio Histórico

Eva Martínez Montero

**"PREMIO SOLIDARIO CIDADE DE FERROL" 2021****SOLICITUDE DE ENTIDADES. ANEXO I**

Don/a

DNI:

Presidente/a da entidade:

CIF:

Teléfono, enderezo a efecto de comunicacións:

Correo electrónico:

**SOLICITO:**

Que se teña por presentada a documentación que se achega para participar en el Premio Solidario Cidade de Ferrol 2021 na modalidade de ... (indicar o que proceda).

- Proxectos solidarios e no eido do voluntariado.
- Proxectos solidarios no eido da cooperación internacional.

**DECLARO:**

Que son certos os datos e a documentación que se achega e que son os seguintes:

- De selo caso, acreditación da delegación da Presidencia ou persoa en quen delegue e na que se especifique o alcance da dita delegación.
- Certificación do número de socios/as activos/as da entidade
- Certificación acreditativa da entidade do acordo da vontade de presentarse ao premio.
- Copia do CIF da entidade e D.N.I. do presidente/a ou o persoa na que delegue.
- Declaracións (anexo II).
- Síntese do proxecto (cun máximo de dúas páxinas).
- Proxecto cunha extensión máxima de 25 páxinas.

Ferrol,

O/a presidente/a



**"PREMIO SOLIDARIO CIDADE DE FERROL" 2021**

**SOLICITUDE PERSOAS FÍSICAS. ANEXO I**

Don/a

DNI:

Teléfono, enderezo a efecto de comunicacións :

Correo electrónico:

**SOLICITO:**

Que se teña por presentada a documentación que se achega para participar en el Premio Solidario Cidade de Ferrol 2021 na modalidade de ... (indicar o que proceda).

- Proxectos solidarios e no eido do voluntariado.
- Proxectos solidarios no eido da cooperación internacional.

**DECLARO:**

Que son certos os datos e a documentación que se achega e que son os seguintes:

- 1.-Copia do e D.N.I
- 2.-Declaracións (anexo II).
- 3.-Síntese do proxecto (cun máximo de dúas páxinas).
- 4.-.Proxecto cunha extensión máxima de 25 páxinas.

Ferrol,



**“PREMIO SOLIDARIO CIDADE DE FERROL” 2021**

**ANEXO II**

**Declaración responsable (entidades)**

D./D.<sup>a</sup> ....., con NIF .....,  
 ....., en representación da entidade ....., con CIF .....

**DECLARO:**

- 1.–Que a entidade acepta as bases reguladoras da convocatoria deste premio.
- 2.–Que non está incurso/a en causas de prohibición, incapacidade ou incompatibilidade establecidas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.
- 3.–Que está ao día nas obrigas tributarias (de carácter estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.(\*)
- 4.–Que está inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Cidadáns do Concello de Ferrol co número.....
- 5.–Que, no caso de recibir o premio, destinarase na súa totalidade ao proxecto presentado.
- 6.–Respecto á protección de datos, indicar o que proceda:
  - Dou o meu consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no Premio Solidario Cidade de Ferrol 2021, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
  - DNon dou o meu consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no Premio Solidario Cidade de Ferrol 2021, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. (No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, lémbrese que tal e como consta nas bases, non poderá presentarse ao Premio por imposibilidade de tramitación da solicitude.)

Ferrol, ..... de ..... de 2021.

(\*). No suposto de resultar gañador/a deberá achegarse o certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e coa seguridade social.

**“PREMIO SOLIDARIO CIDADE DE FERROL” 2021****ANEXO II****Declaración responsable (persoas físicas)**

D./D.<sup>a</sup> ....., con NIF .....,  
.....,

**DECLARO:**

- 1.–Que acepto as bases reguladoras da convocatoria deste premio.
- 2.–Que non estou incurso/a en causas de prohibición, incapacidade ou incompatibilidade establecidas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 3.–Que me atopo ao día nas obrigas tributarias (de carácter estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social (\*).
- 4.–Que estou empadroada/o no Concello de Ferrol.
- 5.–Que, no caso de recibir o premio, destinarase na súa totalidade ao proxecto presentado.
- 6.–Respecto á protección de datos, indicar o que proceda:
  - DDou o meu consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no Premio Solidario Cidade de Ferrol 2021, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
  - DNon dou o meu consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no Premio Solidario Cidade de Ferrol 2021, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. (No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, lémbrese que tal e como consta nas bases, non poderá presentarse ao Premio por imposibilidade de tramitación da solicitude.)

Ferrol, ..... de ..... de 2021.

Asdo.:

(\*) No suposto de resultar gañador/a deberá achegarse o certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e coa seguridade social.

2021/5998